

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS (CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN) CURSO 2022-2023

Proceso de reparto dos libros concedidos polo FONDO SOLIDARIO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN para o curso 2022-2023 e algunhas recomendacións.

1º e 3º de ESO

O venres día 9 de setembro darémoslle ao alumnado o documento de ENTREGA DE LIBROS que, unha vez asinado, recolleremos o luns 12 de setembro para proceder ao reparto.

A sinatura deste documento supón comprometerse a manter en bo estado os libros e devolvelos ao FONDO SOLIDARIO ao rematar o curso.

Para unha mellor conservación, tendo en conta que son libros que se utilizarán durante varios cursos, sería recomendable forralos. Ademais, é importante identificar o seu usuario para evitar problemas; daremos unhas etiquetas adhesivas o día da entrega dos libros para que se cubran cos seguintes datos:

NOME E APELIDOS
GRUPO (1º/3º ESO + LETRA)
CURSO 2022-2023

Quedarán pendentes de entregar para as próximas semanas os seguintes libros: Xeografía e Historia de 1º e 3º, Bioloxía e Xeoloxía de 1º e 3º de ESO e mais Física e Química de 3º. En canto nos envíen repartirémolos entre o alumnado.

Por último, lembrar que se non se devolven os libros a final de curso polo motivo que sexa, pediremos que restitúan os exemplares que faltan.

2º e 4º de ESO

O venres día 9 de setembro darémoslle ao alumnado o documento de ENTREGA DE LIBROS que, unha vez asinado, recolleremos o luns 12 de setembro aula a aula para proceder ao reparto.

A sinatura deste documento supón comprometerse a manter en bo estado os libros e devolvelos ao FONDO SOLIDARIO ao rematar o curso.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES. DO CASTRO.

Rúa José Gómez Posada - Curros 1.
C.P. 36203 Vigo.
986 422 974 / 986 423 063
<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>
ies.docastro@edu.xunta.es



En canto aos libros de 2ºESO e 4º ESO, non todos presentan o estado de conservación que nos gustaría pero é comprensible porque este é o sétimo curso no que se van utilizar. Repuxemos algúns pero non dispoñemos de orzamento para máis, tendo en conta que son libros de texto que, previsiblemente, xa non servirán no curso 2023-2024.

Para unha mellor conservación sería recomendable forrar aqueles libros que non o están, ou, se se pode, cambiar o forro se está moi deteriorado.

Tamén se debería identificar a quen pertencen poñéndolles o nome do alumno ou alumna e o curso no que está despois de borrar os nomes dos anteriores usuarios. Isto é necesario porque ás veces o alumnado esquece os libros nas distintas dependencias do centro e, como figuran neles varios nomes, non sabemos a quen devolverllos.

Para facilitar esta tarefa, daremos unhas etiquetas adhesivas o día da entrega dos libros para que se fagan constar nelas os seguintes datos:

NOME E APELIDOS
GRUPO (2º/4º ESO+ LETRA)
CURSO 2022-2023